

Rosalía vive en nós un pouco máis hoxe. Desde xa, gardamos na retina, no corazón e na memoria, para nós e para os que han de vir, esta xornada de irmandade feliz ao abrigo da súa personalidade e obra contemporánea, en continua e necesaria retroalimentación.

En chegándonos ao momento final deste cortexo cívico-reivindicativo que nos trouxo desde Padrón a Compostela, desde Adina ao Panteón de Galegos Ilustres, en nome da AELG, agradecemos moi sinceramente a implicación desinteresada e comprometida de todas cantas persoas fixeron/fixestes posíbel este cortexo en lembranza e homenaxe xusta a unha Rosalía de Castro que presumimos viva e contemporánea, fonte limpa na que beber para comprender que, en palabras súas, “Esta terra, non hai duda... Diola fixo / para ser amada e amar”.

É de obrigado cumprimento aquí nomear a Marta Dacosta, Anxo Angueira, Estíbaliz Espinosa, Teresa Moure, Isidro Novo, Marica Campo, Xabier P. Docampo, M^a Xosé Queizán, Ana Romaní, Rosa Aneiros, Carlos Negro, Antía Otero, Yolanda Castaño, Rafa Villar, Francisco Castro e Pilar García Negro, polas lecturas rosalianas que hoxe nos brindaron. Á Banda da Escola de Música de Rianxo, Asociación de Gaiteiros Galegos, Esperanza Mara, Paula Gago, Pandeireteiras de Bouba, Guadi Galego, Xabier Díaz, Ugia Pedreira, Uxía Senlle, Sonia Lebedynski e mais o Coro da Asociación Musical Solfa, polo acompañamento musical co que nos agasallaron; ao Clube Ciclista Padronés, á Policía Municipal e Protección Civil dos concellos de Padrón e Compostela; á Real Academia Galega, pola cesión documental; ao profesor doutor Francisco Rodríguez Sánchez, investigador referente no coñecemento e interpretación veraz da personalidade e obra rosaliana, superadora de clixés prexuzosamente marxinais para a nosa poeta nacional, polo asesoramento da crónica histórica da translación dos restos mortais que hoxe entre todas e todos reconstruímos.

Continuemos agora, como pobo orgulloso, os primeiros compases que anuncian xa o noso himno nacional na interpretación da Banda da Escola de Músicos de Rianxo, para finalizarmos coa ofrenda floral a Rosalía de Castro.

Mercedes Queixas Zas, Secretaria xeral da AELG